



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA Á ADOPCIÓN-MANAIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS”

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA Á ADOPCIÓN-MANAIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a **ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA Á ADOPCIÓN-MANAIA** a través do cal se refórce o apoio e acompañamento das familias adoptantes e os menores adoptados, a fin de dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores en proceso adoptivo. Para iso, acordan desenvolver o "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas" nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no obxectivo de ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:





- Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de adopción e as familias adoptivas co fin de dar orientación e asesoramento en situacións problemáticas que poidan xurdir.
- Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia na adopción de menores e profesionais especializados para dotar ás familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar.
- Realización de encontros anuais entre familias en proceso de adopción e adoptivas, abertas ás persoas interesadas nesta materia, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio para achegar a realidade da experiencia diaria de integración dun menor nacional ou doutro país ás familias neste proceso.
- Organización de congresos, simposiums e xuntanzas en materia de adopción.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores e familias inmersos nun proceso adoptivo.

Considera tamén de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, que ven sendo executado dende o ano 2006 pola Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA en toda a Comunidade Autónoma ben a través de convenios de colaboración ou ben de forma autónoma con fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos/das menores en proceso de adopción e as familias adoptantes, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento





dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55– da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materialízase anualmente, ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA.

A Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento de dito programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo de anos de colaboración.

Así mesmo a Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos (7.200,00 €) aportados por programas cofinanciados con outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social.

Considérase polo tanto idónea á Asociación Galega de Axuda á Adopción – MANAIA para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores a e familias en proceso de adopción.

O novo convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018. O orzamento por todo o período previsto é de 44.000,00 €.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a _____.

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

